



Instituto de Estudios Coruñeses.
José Cornide

REGULAMENTO DE RÉXIME INTERNO

O presente Regulamento ten por obxecto regular e/ou matizar e complementar algúns aspectos de carácter operativo dos seus Estatutos e foi aprobado na reunión do Plenario do Instituto do día 11 de decembro do 2025.

I. OS MEMBROS DO INSTITUTO

Art. 1. Na proposta de elección de novos membros do Instituto, tanto numerarios como colaboradores, procurarse equilibrar a súa dedicación máis específica para que todas as seccións teñan un número de persoas adscritas suficiente para poder abordar o cumprimento das súas propostas.

Art. 2. Tanto os membros numerarios como os colaboradores poderán formar parte dunha ou varias seccións.

Art. 3. Todos os membros teñen dereito a asistir aos actos académicos que organice o Instituto. Os de honor e de número teñen o dereito a levar a medalla oficial do Instituto nos actos solemnes e nos de entrada de novos membros de número.

Art. 4. En casos especiais, ás sesións do Plenario poderán asistir os colaboradores, con voz pero sen voto, especialmente cando se traten aspectos concretos relacionados con actividades das seccións ás que pertenzan.

Art. 5. Todos os membros do Instituto teñen dereito a ostentar a súa condición —da clase á que pertenzan— nas súas publicacións e impresos que confeccionen para o seu uso público ou particular.

Art. 6. Os membros de honor e os numerarios poden presentar propostas ao Plenario mediante escrito ao presidente/a para que se inclúan na orde do día do Plenario ordinario correspondente, así como á Xunta de Goberno para o seu debate. Para poder ser incluídos deben estar en posesión da presidencia cun mínimo de 48 horas de

antelación á celebración da reunión.

Art. 7. Os desprazamentos dos membros de honor e numerarios que, por razón do seu cargo, deban desprazarse, previa autorización da presidencia, devengarán o abono dos gastos correspondentes que se contemple nas partidas do orzamento vixente en cada exercicio.

II. OS ÓRGANOS DE GOBERNO

Art. 8. Tres meses antes da finalización do prazo dos catro anos para os que foi elixida a Xunta de Goberno, a dirección convocará eleccións abrindo un prazo de trinta días hábiles para a presentación de candidaturas.

Art. 9. Para a elección dos membros numerarios é necesario que se presente na secretaría do Instituto, por parte dun numerario, o currículo do candidato/a que, ademais, debe ser avalado por outros dous numerarios.

III. AS CONVOCATORIAS

Art. 10. O/a secretario/a da Xunta de Goberno e do Plenario de numerarios enviará a convocatoria das reunións por vía telemática aos membros correspondentes por orde da presidencia cun prazo mínimo de sete días e nela figurará a hora, a orde do día e o lugar de celebración.

Art. 11. A presidencia por causa motivada poderá solicitar, antes de iniciarse a reunión e previa aceptación dos presentes, a incorporación na orde do día dun novo punto que se considere de urxencia.

Art. 12. Só poderán aprobarse as cuestións que figuren na orde do día.

Art. 13. Para poderse celebrar a reunión dos órganos colexiados deberán estar presentes a metade dos seus membros. En todo caso requírese a asistencia do presidente/a e do secretario/a ou dos seus substitutos.

IV. OS DEBATES E AS VOTACIÓNS

Art.14. Os acordos deben adoptarse por votación. O voto pode emitirse en sentido afirmativo ou negativo, sendo tamén válido o voto en branco e a abstención.

Art. 15. O sistema de votación será presencial. No caso da elección de novos numerarios, poderá emitirse o voto por correo (postal ou vía e-mail) a favor dun determinado candidato/a.

Art. 16. Cando se produza un empate nas votacións efectuarase unha nova votación ata que se desfaga o empate, agás no caso do Plenario, que resolverá a presidencia co seu voto de calidade.

Art. 17. Aquelas intervencións nas que se solicita que quede constancia literal en acta entregaranse ao secretario/a por escrito o texto para a súa transcripción íntegra.

V. AS ACTAS

Art. 18. Corresponde ao secretario/a redactar a acta de cada sesión na que debe constar:

- a. O lugar da reunión, con expresión do local no que se celebre.
- b. Día, mes e ano e hora de inicio da mesma.
- c. Nome e apelidos da persoa que presida, dos membros presentes e dos ausentes se comunicaron a súa escusa.
- d. O carácter ordinario ou extraordinario da sesión e se se celebra en primeira ou segunda convocatoria.
- e. Asistencia do secretario/a ou de quen o/a substitúa.
- f. Os asuntos tratados que figuran na orde do día, a síntese das opinións —agás as que se transcriban integramente a petición da persoa interesada— das persoas que interveñan nas deliberacións e as incidencias que se produzan.
- g. Os acordos adoptados.
- h. A hora de finalización da sesión.

Art. 19. De non celebrarse a sesión por falta de quórum ou outro motivo, o secretario/a suplirá a acta cunha dilixencia, autorizada coa súa sinatura, na que consigne a causa e os nomes dos concorrentes, dos que escusaron a súa asistencia e o dos que faltan sen escusa.

Art. 20. A acta provisional será enviada aos membros da Xunta de Goberno e do Plenario de Numerarios para ser aprobada, modificada ou rexeitada na seguinte sesión ordinaria do órgano correspondente.

Art. 21. Unha vez aprobada e asinada polo presidente/a e o secretario/a quedará depositada e arquivada na secretaría do Instituto.

VI. AS PUBLICACIÓNS

Art. 22. O Instituto publicará un número anual da Revista *Cornide* que estará coordinada polo vogal de publicacións.

Art. 23. A revista contará cun Consello de Redacción e un Comité Científico formado por membros do Instituto e especialistas en diferentes materias encargados de velar pola calidade dos artigos publicados.

Art. 24. Os traballos a publicar na revista deben ser orixinais e tratar temas relacionados cos fins do Instituto e o traballo das seccións. Os artigos que non sexan aceptados serán devoltos aos seus autores.

Art. 25. No caso de exceso de orixinais, terán preferencia de publicación na revista os membros do Instituto.

Art. 26. Ademais da Revista, o Instituto poderá publicar tamén obras de interese, especialmente se abordan temas directamente relacionadas co Instituto e os seus fondos arquivísticos, pero tamén de interese para a cidade da Coruña e da súa área nalgún dos múltiples aspectos que contemplan os seus Estatutos.

Art. 27. Na medida do posible, serán sempre presentadas nun acto público e os asistentes recibirán un exemplar.

Art. 28. Con posterioridade á súa presentación pública, as publicacións subiranse á web do Concello e a plataformas «on line» para maior difusión e beneficio dos investigadores.

VII. FONDOS DOCUMENTAIS E COLECCIÓNS PROPIEDAD DO INSTITUTO

Art. 29. Custodia, conservación e difusión. O Instituto velará pola custodia, conservación e difusión dos seus fondos documentais, así como pola súa biblioteca auxiliar, suxeito sempre á normativa vixente en materia de patrimonio documental e bibliográfico.

Art. 30. Saída de documentos e libros. Unicamente en casos excepcionais poderán saír do Instituto os documentos e libros que custodia, establecéndose previamente a duración, condicións de seguridade e garantías que se consideren necesarias. Entre as posibles situacións de saída da documentación están: préstamos para exposicións e outras actividades divulgativas; para restauración; para encadernación de determinados libros; para realizar determinadas reproducións que non se poidan facer no Instituto.

VIII. CONSULTA DE DOCUMENTACIÓN EN SALA

Art. 31. Os usuarios/as deberán cubrir unha papeleta con todos os datos que nela figuren e entregala ao persoal do Instituto encargado de levarlle á mesa o material solicitado.

- a. O usuario/a deberá respectar a orde da documentación dos atados e caixas, coidando de non danar a documentación.
- b. Unha vez rematada a consulta, o usuario/a entregará a documentación consultada ao persoal encargado de retirala e vovela a colocar no seu lugar. Queda prohibida a saída da documentación da sala por parte dos usuarios.
- c. Os usuarios/as poderán solicitar a reprodución de documentos e tamén fotografar aqueles que non teñan algunha restrición derivada das condicións establecidas nos legados ou doazóns.
- d. Nas publicacións que incorporen datos concretos dos fondos documentais do Instituto deberá figurar a referencia do material utilizado indicando a súa procedencia: AIC. Fondo [Arquivo Instituto Cornide. Fondo o que corresponda, por exemplo: AIC. Fondo Salvador de Madariaga]
- e. Segundo a Lei do Patrimonio Histórico Español, certa documentación está suxeita a acceso restrinxido por atoparse sometida á Lei de Segredos Oficiais, riscos para a seguridade do Estado, investigación de delitos, ou por tutela dos dereitos inherentes ao honor ou intimidade das persoas. Para a súa consulta será necesaria a concesión dun permiso pola institución propietaria da documentación (Lei 16/1985 do 25 de xuño, do Patrimonio Histórico Español, art. 57; e Lei 30/1992 do 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común).

Art. 32. Reprodución de documentación

- a. Os usuarios/as que desexen solicitar a reprodución de documentación en formato JPG ou PDF deberán dirixirse á secretaría do Instituto indicando os seus datos, a referencia exacta do documento solicitado e a finalidade da súa utilización. Esta reprodución está suxeita ás condicións establecidas polos donantes, ás condicións xerais legais e ás posibilidades de organización do Instituto.
- b. A reprodución poderá realizarse sempre que o estado de

conservación do documento/s o permita e, en todo caso, respectando a lexislación vixente en materia de acceso documental.

Art. 33. O incumprimento destas normas poderá ter como consecuencia a denegación do acceso á consulta da documentación ou libros custodiados no Instituto.

IX. DISPOSICIÓN FINAL

Art. 34. A Xunta de Goberno do Instituto poderá propoñer a modificación do presente Regulamento cando o considere necesario ou cando o solicite ou terzo dos membros numerarios/as.